



Catas de Galicia 2025

XXVII Cata das Augardentes

XIV Cata dos Licores de Herbas, Licor Café e Augardente Envellecida

XII Cata das Augardentes de Herbas

Organizada pola **Consellería do Medio Rural**, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e coa colaboración do **Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia**, terá lugar a XXVII Cata das Augardentes de Galicia, a XIV Cata dos Licores de Herbas, Licor Café de Galicia e Augardente de Galicia Envellecida, e a XII Cata das Augardentes de Herbas de Galicia, que consistirá nunha fase inicial de precata ou cata de selección e nunha cata final.

BASES DA CATA

1. Nesta cata poderán participar as augardentes de bagazo, augardentes de bagazo envellecidas, augardentes de herbas, os licores de herbas e os licores café, elaborados en industrias inscritas no rexistro de elaboradores-enzasadores do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.
2. Os comercializadores que desexen participar coas augardentes e licores nesta cata, deberán enviar **ata o día 23 de xuño**, o correspondente boletín de inscrición debidamente cumprimentado ao Consello Regulador das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia. O Consello Regulador certificará que as industrias que se inscriban para participar neste concurso cumpren os requisitos e condicións establecidas nestas bases.
3. As augardentes e licores que poderán participar son as acoollidas ás Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia. Aos efectos deste concurso establécense as categorías seguintes:
 - a) Augardente de Galicia
 - b) Augardente de Galicia Envellecida
 - c) Augardente de Herbas de Galicia
 - d) Licor de Herbas de Galicia
 - e) Licor Café de Galicia

Se nalgunha das categorías non se contase cun mínimo de 6 mostras para a cata, esta non terá lugar. Este número mínimo de mostras reducirase a 3 no caso das categorías da Augardente de Galicia Envellecida e da Augardente de Herbas de Galicia.

Cando o número de solicitudes recibidas e válidas para concursar nunha categoría non sexa suficiente para acadar estes mínimos, estas mostras non serán recollidas. Informarase ás empresas afectadas, antes ou durante a recollida, para que teñan constancia deste feito.



Poderán presentarse un máximo de dúas marcas que se estean comercializando por empresa e categoría, debendo ter sido previamente avaliadas como aptas polo Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

4. As empresas indicarán no boletín de inscrición o volume de augardente e/ou licor (litros) que forma parte da **partida homoxénea** concursante de cada marca que participará na cata concurso, que non deberá ser inferior a **500 litros**. Para a Augardente de Galicia Envellecida e a Augardente de Herbas de Galicia, a partida homoxénea concursante non será inferior a **200 litros**. As existencias mínimas nas instalacións da industria ou da empresa comercializadora, no momento da recollida das mostras, serán de **250 litros** da partida concursante para as augardentes e licores. No caso da Augardente de Galicia Envellecida e a Augardente de Herbas de Galicia, as existencias mínimas serán de **75 litros** da partida homoxénea concursante.
5. As existencias mínimas das partidas de augardentes e licores concursantes nas instalacións da industria ou da empresa comercializadora poderán estar embotelladas ou en depósito preparadas para embotellar, ou nunha combinación de ambas. No caso de estar embotellados deberán estar correctamente etiquetados e levarán a contraetiqueta do Consello Regulador. No suposto de que as mostras estiveran contidas nun depósito con capacidade igual ou superior á mínima establecida, este deberá estar identificado coa referencia da partida CR verificada polo Consello Regulador (CR2X-XXX) e o propietario disporá da correspondente comunicación de cualificación ou de verificación de aptitude da partida do Consello Regulador, segundo o caso.
6. Non será admitido ningún participante que nos dous anos anteriores á data de presentación da solicitude fose sancionado por infracción moi grave á lexislación agroalimentaria mediante resolución firme de calquera das administracións públicas.

7. Recollida de mostras

A identificación e recollida de mostras será realizada pola organización, contando con apoio de persoal do Consello Regulador, de acordo co programa que previamente se estableza.

Dada a gran diversidade existente nas botellas empregadas na expedición comercial das augardentes de bagazo e dos licores tradicionais, recolleranse en botellas de 3/8 de litro proporcionadas pola organización, para conservar o anonimato das mostras.

No caso de que as augardentes ou os licores estean embotellados, do conxunto das botellas que compoñan a partida de 250 litros ou 75 litros segundo proceda, tomaranse aleatoriamente as necesarias para encher catro botellas do tipo antes mencionado e do mesmo lote, que formarán a mostra concursante, procedendo a continuación ao transvasado das augardentes e licores. As botellas levarán unha etiqueta na que asinarán o propietario ou o seu representante e o responsable da recollida de mostras. Para a súa identificación, cada mostra levará tamén un número que corresponderá co número da acta de recollida.

Se as augardentes e licores están nun depósito, unha vez comprobados a identificación do depósito e o documento da comunicación de cualificación ou de verificación de



aptitude da partida do Consello Regulador, procederase ao enchido das botellas e á súa identificación na forma descrita anteriormente.

Unha das catro botellas da mostra quedará en poder do propietario, introducíndose as outras tres nunha caixa axeitada que levará como única inscrición o nome da categoría na que participa, que será precintada e transportada ata o lugar da cata, onde permanecerá depositada e debidamente precintada ata a celebración desta.

Da recollida de mostras levantarase a correspondente acta que asinarán o representante da industria e o da organización.

8. Xurado de cata e Panel de catadores

Para a supervisión da cata existirá un xurado, presidido polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, actuando como secretario/a un membro do persoal da Área de Calidade Alimentaria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e, como vogais, dous funcionarios da mencionada área e un representante do C.R. das II.XX. das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Para a avaliación das augardentes e licores concursantes contarase cun panel de catadores, formado por sete expertos na análise sensorial, procedentes de asociacións, centros tecnolóxicos e científicos vitivinícolas, consellos reguladores de viños e bebidas espirituosas, restauración e medios de comunicación especializados, dos que como mínimo catro pertencerán ao panel do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

O panel de catadores realizará tanto a cata de cualificación como a cata final. Cada catador contará en cada momento co material e elementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo de cata.

Para a valoración sensorial das augardentes e licores utilizaranse as fichas oficiais aprobadas polo Consello Regulador, sendo as empregadas normalmente para o proceso de cualificación organoléptica das augardentes e licores amparadas polas Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

9. Proceso de cata

A/O secretaria/o e cando menos un dos outros membros do xurado de cata, comprobará as actas de recollida, os precintos das caixas e o número das augardentes e licores almacenados e procederá a numeralas de novo de forma correlativa. As mostras serán novamente gardadas e permanecerán debidamente pechadas e precintadas ata o momento de iniciarse a cata de selección.

As augardentes e licores cataranse polas categorías definidas no punto 3 destas bases, e por series, realizándose os descansos precisos ata a conclusión da análise sensorial das mostras.

Para a puntuación de cada unha das augardentes e/ou licores concursantes, obterase a media das puntuacións individuais dadas polos catadores que compoñen o panel de cata, desprezando previamente as puntuacións extremas. En caso de empate calcularíase a



mediana para determinar a mostra seleccionada. Se persistise o empate, calcularase a media xeométrica.

As seis mostras de cada categoría con maior puntuación pasarán á cata final que se realizará de acordo co proceso anteriormente descrito.

Establecidos polo xurado de cata as augardentes e licores seleccionados nas precatas, a/o secretaria/o procederá a separalas, dándolles un novo número correlativo.

As catas finais realizaranse seguindo as mesmas normas establecidas para as catas de selección.

Finalizada a cata-concurso, a/o secretaria/o do xurado de cata procederá a identificación das botellas premiadas, tomando nota por escrito das marcas e industrias ou comercializadoras premiadas, e introducindo o documento cos citados datos en sobre pechado. Este sobre será aberto no momento da entrega dos premios, permanecendo mentres tanto en poder da/o secretaria/o do xurado.

O xurado desta cata-concurso coidará especialmente que se conserve o anonimato das mostras en todo momento. O seu ditame nos premios será inapelable.

10. Premios: "Potes"

A entrega de premios realizarase nun acto convocado e organizado para tal fin, ao que se dotará da difusión, transcendencia e solemnidade axeitada.

Establécense para esta cata-concurso ata 3 premios para cada unha das categorías:

- 1 Pote de Ouro
- 1 Pote de Prata
- 1 Pote de Bronce

A cada un dos tres primeiros clasificados faráselle entrega dun diploma acreditativo e un trofeo que identifique o posto acadado.

11. Todos os participantes nesta Cata das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia 2025 comprométense a acatar as presentes bases da cata.
12. A dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria ditará cantas disposicións sexan necesarias de cara ao correcto desenvolvemento desta Cata.